

# Reclamacións e/ou Segundas Correccións

Sobre a cualificación outorgada de cada materia despois da primeira corrección e no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, cada estudante poderá presentar solicitude de:

- **Reclamación** e/ou
- **Segunda corrección**

1

As solicitudes de reclamación e segunda corrección presentaranse a través da aplicación informática NERTA, non sendo preciso entregalas solicitudes nos LERD.

## 1.- **Reclamacións:**

Unha vez publicadas as cualificacións provisionais, o alumnado poderá presentar unha solicitude de Reclamación ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), sobre a cualificación outorgada a cada unha das materias das que se fixese exame, naqueles exercicios nos que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección.

Os exercicios sobre os que se solicite reclamación serán revisados co obxecto de verificar que todas as cuestións fosen avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección, así como a comprobación de que non existen erros materiais no proceso de cálculo da cualificación outorgada.

A cualificación definitiva da materia ou materias obxecto da reclamación será a que resulte do antedito proceso de revisión, sempre que esta sexa superior á outorgada na primeira corrección, agás nos casos de erros materiais de cálculo da cualificación, nos que a cualificación será a que resulte do cálculo correcto.

**A presentación de Reclamación nunha determinada materia excluírá a posibilidade de solicitar segunda corrección na mesma.**

## 2.- **Segundas correccións:**

Publicadas as cualificacións provisionais, o alumnado poderá presentar, ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), solicitude dunha segunda corrección dos exercicios nos que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e/ou específicos de corrección.

Os exercicios sobre os que se presente unha solicitude de segunda corrección serán corrixidos por un profesor ou profesora especialista distinto ao que levou a cabo a primeira corrección.

A cualificación resultará da media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de que existise unha diferenza de 2 ou máis puntos entre as dúas cualificacións, o tribunal efectuará, de oficio, unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles.

## 3.- **Reclamacións ás segundas correccións:**

Sobre a cualificación outorgada despois do proceso de Segunda Corrección, o estudante

poderá presentar reclamación ante o presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección. A cualificación definitiva será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior a outorgada na segunda corrección.

	CONVOCATORIA DA ABAU	
	ORDINARIA – XUÑO 2019	EXTRAORDINARIA – XULLO 2019
Publicación das notas	21 xuño	18 xullo
Solicitud de Reclamación ou Segunda corrección	22 ao 26 de xuño (ata as 14 horas)	19 ao 23 de xullo (ata as 14 horas)
Resolución das Reclamacións e Segundas Correccións.	28 xuño	24 xullo
Solicitud de Reclamación á Segunda corrección	29 xuño ao 3 xullo (ata as 14 horas)	26 ao 30 de xullo (ata as 14 horas)
Cualificacións definitivas	4 xullo	31 xullo

#### **4.- Ver as probas:**

Publicadas as cualificacións definitivas despois do proceso de Segunda Corrección, o alumnado -ou, no caso dos menores de idade, o pai, nai ou titor legal-, terá dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado na súa totalidade o proceso de revisión establecido, no prazo de dez días desde a publicación da resolución coas cualificacións definitivas. As solicitudes irán dirixidas ao presidente do Tribunal da Comisión Organizadora das probas e deberán presentarse nalgún dos LERD.

#### **5.- Outros recursos:**

Contra a resolucións adoptadas pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo dun mes, recurso potestativo de reposición perante a propia comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.